

DISCURSO DE ACEPTACIÓN DO I PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL POLA IGUALDADE

María Reimóndez

Vilalba, 20 de xaneiro de 2018

Agustín Fernández Paz adoitaba dicir que escribimos cos fíos da vida. Ás veces os fíos da vida enguedéllanse e forman nós e nobelos. Iso é o que acontece hoxe aquí para min.

Porque debo comezar por forza co primeiro fío: Vilalba. Aquí botei tres anos importantísimos da miña infancia e a maior parte da miña adolescencia, ata o punto de que alimentan de forma total dúas das miñas novelas, Dende o conflito e sobre todo a máis recente, As cousas que non queremos oír. Regresar a este lugar como escritora constitúe unha emoción intensa.

Sobre todo porque foi aquí onde por primeira vez na vida vin, con once ou doce anos, un escritor. Aquela figura para min tan ansiada materializouse no colexio “de arriba” (o Manuel Mato Vizoso) grazas ao autor do Misterio das Badaladas, libro que me engaiolara e que adoraba. Foi Xabier P. Docampo o primeiro e único autor que vin na miña época escolar e esta experiencia vilalbesa –outro fío no meu nobelo vital- fíxome dende que comecei a publicar para crianzas e adolescentes, non dubidar en saír das cidades e ir visitar centros alá onde mo soliciten, porque todas as crianzas, independentemente de onde vivan, deben de ter as mesmas oportunidades de comprobar que hai autoras vivas.

Vilalba trae agora a min tamén outra persoa fundamental da miña adolescencia e de despois, quen sen eu saber, formou parte do xurado que decidiu este premio: Marica Campo. Na miña adolescencia, foi ela unha das primeiras persoas, xunto con miña mai, quen me animou a escribir, quen me escoitou recitar.

Como poderedes comprender xa nesta altura, conflúen neste único momento fíos vitais importantísimos para min que se anoan ás miñas emocións. Mais o máis relevante de todos é unir o meu nome sen fisuras xa ao de Agustín Fernández Paz. Os fíos que nos unen a Agustín comezan nos seus libros, mais para algunhas de nós continuaron na calidez da súa persoa, na súa altura humana. A súa xenerosidade para as que viñamos detrás, en particular para as autoras, foi sempre inmensa. Atento ao noso traballo, apoio e altofalante, sempre estaban aí as súas palabras e a súa presenza. No noso caso, ademais, sempre que nos viamos en Vigo, a cidade que escollemos para vivir, falabamos de Vilalba.

Mais hoxe sinto que debo falar da súa obra e deste premio. Porque a súa obra contén claves e mundo para facer deste un lugar mellor. El, que segue enguedellando lectoras e lectores a través das súas historias contadas dende a linguaxe sinxela e nidia de quen ama relatar, creou espazo para as rapazas, para a memoria, para o agromar do recordo.

Falounos en todas as emocións humanas. Puxo no medio do relato a aquelas que aínda hoxe, por desgraza, moitas queren seguir deixando de lado poñendo en dúbida a importancia da literatura xuvenil, como se os problemas, gustos e preocupacións das crianzas e adolescentes fosen menos importantes ca as das persoas doutras idades. El soubo escoitar coma ninguén o corazón anoado que latexa naquelas as que case ninguén escoita, e desenleou, dende a persoa xenerosa e atenta que era, os fíos para que outras puidesen enténdelos.

Este premio ten para min precisamente o valor esencial de dar valor a unha literatura que non só debe de ter todos os compoñentes que esta precisa para ser lida, senón que entende que a calidade literaria é tamén un servizo ao humano, á xustiza e á igualdade. Unha das leccións máis importantes das moitas que a min me deu Agustín, como persoa e sobre todo como escritora (aínda que os dous conceptos son indivisibles) é que toda literatura contribúe a conformar valores. O problema é que aquela que configura os valores dominantes, os valores do xénero dominante, do heteropatriarcado, da clase social, da historia creada, do poder de certas linguas sobre outras, busca todas as formas posibles para facerse pasar por neutral e invisible. Para que non se lle noten os fíos. PERO TENOS. A función da literatura de Agustín era non só amosar os fíos da súa propia vida, senón a través deses fíos poñer en evidencia os outros, os que disfrazan “estética” para falar en contra dunha ética. Á literatura que vai en contra dos valores dominantes apóñenlle todo tipo de adxectivos que tentan desprestixiala: infantil, xuvenil, comprometida, ideolóxica. El colleunos todos, fixo un nobelo e botouno pola fiestra. Fíxoo, palabra a palabra, co apoio e aplauso de tantas lectoras, mediadoras e persoas que imos compoñendo a nosa vida grazas a eses fíos. E porque hai xente que segue tentando meter eses guedellos na nosa vida nosoutras seguimos escribindo.

Este premio permite por fin que as nosas obras se lean sen prexuízos. Porque se a literatura non serve para construír outro mundo, entón en que confiamos? Iso precisamente tentei con “Fóra do normal”. Poñer no centro a quen de primeiras ficaría nas marxes. Poñer en dúbida quen son os heroes e as heroínas, aquelas que loitan con puños e superpoderes para que o mundo volva estar como era, ou as que, coma o meu amigo Éric Dopazo, teiman en ser quen son e conseguen, despois de humillacións e resistencia, un DNI co seu nome e a súa identidade sen obriga de hormonarse. Neste historia o máis importante seguramente sexa entender que moitas, só con existir e non ceder a domesticarnos, ás expectativas dadas, estamos cambiando o que nos rodea.

Nin esta historia, nin eu estaríamos hoxe aquí sen Agustín. Este premio une o meu nome ao seu para sempre. Anóanos coma o nó intenso e emocionante que sinto neste momento, disposta a levar con orgullo e humildade o seu legado e desexando que moitos outros nomes veñan a unirse ao meu e que cos seus fíos todos construíamos un mundo diferente, como o que Agustín nos suxeriu con cada obra e con cada acto na súa vida.